

# RESUMO DE PRESTACIÓNS, PROGRAMAS E AXUDAS DE SERVIZOS SOCIAIS

## DISCAPACIDADES

### Pensión non contributiva de invalidez

Prestación económica individual de carácter periódico que cubre continxencias de invalidez ou deficiencia e que garante uns ingresos mínimos a aquelas persoas que non poidan acceder a outro tipo de pensións

Requisitos:

Ser maior de idade e menor de 65 anos.

Residir legalmente en territorio español polo menos 5 anos dende que naceu dos cales 2 deben ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.

Persoas nacionais da Unión Europea que totalicen o período de residencia mencionado no apartado anterior no territorio de calquera estado membro.

Ter unha discapacidade ou enfermidade crónica en grao igual ou superior ao 65%. Carecer de rendas ou ingresos suficientes inferiores ao importe da pensión.

Que os ingresos ou rendas da unidade de convivencia non superen o límite de acumulación de recursos establecido.

Complemento para titulares de pensións non contributivas de invalidez que residan nunha vivenda alugada

Establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de pensións non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e teñan como residencia habitual unha vivenda alugada por propietarios cos que non teña relación de parentesco ata o 3º grado

Requisitos:

Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude. Carecer de vivenda en propiedade.

Ser o/a arrendatario/a da vivenda na data da solicitude.

Non ter relación de parentesco ata o 3º grao coa persoa arrendadora da vivenda alugada. Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.

Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días no ano de devengo do complemento e que durante dito período tivera percibido a correspondente PNC.

No caso de unidades familiares nas que convivan varios perceptores só poderá percibir o complemento o/a titular do contrato de aluguer, ou de ser varios, o primeiro deles.

### **Prestacións derivadas da LISMI** (Lei de integración social dos minusválidos)

Estas prestacións non experimentan incremento dende 1993, agás para o subsidio de mobilidade e compensación de gastos de transporte

#### **Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos**

Importe mensual: 149,86 euros

Este subsidio quedou suprimido pola Lei 26/1990, aínda que os seus beneficiarios poden continuar percibíndoo salvo que opten por unha pensión non contributiva

#### **Subsidio para axuda de Terceira Persoa**

Importe mensual: 58,45 euros

Este subsidio quedou suprimido pola Lei 26/1990, aínda que as persoas beneficiarias poden continuar percibíndoo salvo que opten por unha pensión non contributiva.

#### **Subsidio de Mobilidade e Compensación por gastos de Transporte**

Importe mensual: 49,54 euros

Axuda económica destinada a cubrir gastos de desprazamentos fóra do domicilio habitual, cando a persoa con discapacidade ten grandes dificultades para utilizar, por si mesma, servizos colectivos de transporte.

#### **Fondo de asistencia social (FAS) por enfermidade**

Importe mensual: 149,86 € . Importe anual: 2.098,04 €

Esta axuda quedou suprimida polo Real Decreto-Lei 5/1992, de 21 de xullo, de Medidas Orzamentarias Urxentes (BOE nº 176 de 23/07/1992). Non obstante, aquelas persoas que tivesen recoñecido o dereito ao cobro destas pensións continuarán a percibilas. As persoas que continúen percibindo esta prestación deben realizar unha Declaración Anual.

#### **Axudas individuais non periódicas para persoas con discapacidade e persoas da terceira idade**

Axudas individuais, de carácter non periódico, para persoas maiores e con discapacidade, en réxime de concorrencia competitiva, residentes en Galicia, co fin de colaborar en determinados gastos que ocasione a cobertura de necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.

As axudas recollidas nesta orde son incompatibles con outras de análoga natureza que poidan conceder para a mesma finalidade outros organismos ou Administración pública.

##### **■ Persoas beneficiarias:**

- a. Persoas maiores de 65 anos que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.
- b. Persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, menores de 65 anos que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33% ou teñan recoñecida unha

situación de dependencia e que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.

■ Axudas:

Poderán concederse axudas individuais polas contías máximas que a continuación se detallan:  
Atención especializada:

1. Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda:

\* Adaptación funcional do fogar: Consiste na adquisición, instalación e/ou adaptación daqueles mecanismos e útiles necesarios para procurar a maior autonomía posible nas actividades da vida diaria na vivenda habitual da persoa con discapacidade ou en situación de dependencia.

\* Eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda

2. Adaptación e eliminación de barreiras en vehículos

3. Adquisición de órteses, próteses e axudas técnicas:

\* Órteses e próteses non recollidas no sistema sanitario

\* Adquisición de próteses dentais

\* Audiófonos, non recollidos no sistema sanitario

\* Axudas técnicas non cubertas polo sistema sanitario ou por outros organismos públicos ou privados sen ánimo de lucro

## Recoñecemento de minusvalía

### Requisitos

Ter unha discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou padecer unha enfermidade incapacitante ou crónica grave.

### Beneficios:

Permite o acceso a:

Emprego en cooperativas e sociedades laborais (tanto pública como privada)

Fomento da contratación indefinida na empresa ordinaria, integración laboral en centros especiais de emprego e emprego autónomo

Deducións na declaración da renda

Reducións do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Reducións no Imposto sobre Sucesións.

Deducións no Imposto de Sociedades

Exención no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Exención no Imposto de matriculación de vehículos

Redución do 50% do importe das taxas para solicita-la prórroga de vixencia do permiso ou outra autorización administrativa para conducir da Xefatura Central de Tráfico (Lei 66/1997, do 30/12/97, BOE do 31/12/97).

Exención de taxas para acceder ás probas selectivas no emprego público estatal e para as probas de aptitude previas ó exercicio de profesións reguladas na Unión Europea. (Lei 66/1997, do 30 de decembro, BOE 31/12/97 e Lei 50/1998, do 30 de decembro, BOE 31/12/98)

Tarxeta Dourada de RENFE. Reducións mínimas do 25% para viaxes rexionais, cercanías, AVE e longo percorrido

Descontos no prezo do transporte público que ofertan algúns concellos ó colectivo de persoas minusválidas (BONO-BUS)

Tarxeta de Estacionamento para persoas con mobilidade reducida. Tramítase nos Concellos.  
Facilidades de acceso á vivenda

Facilidades de acceso á educación

Facilidades de acceso á formación ocupacional

Abono social de Telefónica. Descontos na instalación da liña telefónica (70%) e no aboamento mensual (95%) ós minusválidos cun grao igual ou superior ó 65%, sempre que cumbran os requisitos económicos esixidos.

Programa de respiro familiar (Vacacións de Saúde) Termalismo Social do IMSERSO

Familia Numerosa

### **Apoio social para persoas con demencia**

Consiste nunha estancia de 15 ou 29 días (14/28 noites) nunha residencia asistida para persoas maiores de

65 anos dependentes que non se atopen en fase terminal ou padezan enfermidades en estado agudo así como ós seus cuidadores habituais en concepto de acompañantes. Tamén, no caso de existencia de vacantes, poderán participar aquelas persoas que, sen ter os 65 anos, estean diagnosticadas de demencias neurodexenerativas ou vasculares.

Facilita a asistencia a actividades ou cursos de formación aos familiares e/ou cuidadores acerca de: atencións básicas, saúde, nutrición, adecuación do fogar, aspectos legais da incapacidade, prestacións e recursos sociais, cuidados de enfermería e guía de auto-cuidados.

Unha vez rematada a estancia na Residencia os familiares e os propios enfermos, poderán contar cun asesoramento continuado a través dun servizo de asesoramento telefónico profesional diario en relación co asesoramento ao arredor dos problemas do maior dependente que posteriormente poidan xurdir no seu fogar unha vez pasada a estadía temporal.

#### **■ Requisitos:**

Ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma.

Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa ou trastornos mentais ou condutuais graves e non compensados que poidan alterar a normal convivencia.

■ **Servizos que ofrece o Programa:**

Valoración xerontolóxica completa e atención integral incluíndo asistencia médica, psicolóxica e social.

Aloxamento e manutención completa en cuartos dobres adecuados ás discapacidades das persoas beneficiarias

Menú axeitado, baixo supervisión médica. Terapia ocupacional e animación sociocultural. Formación aos/ás cuidadores/as.

Seguimento e apoio unha vez rematada a estadía mediante un servizo telefónico atendido por profesionais de luns a sábado, durante 2 horas diarias e un teléfono de recepción de mensaxes e canalización de 24 horas.

### **Programa de ocio e tempo libre**

Procura a integración social de rapaces/as con discapacidade mediante a súa participación nos campamentos de verán e campos de traballo a través de quendas de integración, así como a súa participación en quendas específicas.

■ **Requisitos de acceso:**

Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%

### **Tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida**

Concederáselle ás persoas con graves problemas de mobilidade que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (EVO), como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer o uso e desfrute dos transportes privados, facilitando o seu estacionamento.

Cando o titular sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non.

Cando a titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a/as matrículas dos vehículos habilitados para transporta-las persoas con graves problemas de mobilidade.

Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta colocarse nun lugar visible do vehículo.

# MAIORES

## Pensión non contributiva de xubilación

Prestación económica individual de carácter periódico que garante uns ingresos mínimos a aquelas persoas que non poidan acceder a outro tipo de pensións.

### ■ Requisitos:

Ter 65 ou máis anos.

Ter ingresos ou rendas propios inferiores á contía da pensión.

Residir legalmente no territorio español e telo feito durante 10 anos entre a idade de 16 anos e a data dende a cal ten dereito a percibir a pensión, dos cales 2 teñen que ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.

Persoas nacionais da Unión Europea que totalicen o período de residencia mencionado no apartado anterior no territorio de calquera estado membro.

Que os ingresos ou rendas da unidade de convivencia non superen o límite de acumulación de recursos establecido

## Complemento para titulares de pensións non contributivas de xubilación que residan nunha vivenda alugada

Establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de pensións non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e teñan como residencia habitual unha vivenda alugada por propietarios cos que non teña relación de parentesco ata o 3º grado

### Requisitos:

Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude. Carecer de vivenda en propiedade.

Ser o/a arrendatario/a da vivenda na data da solicitude.

Non ter relación de parentesco ata o 3º grao coa persoa arrendadora da vivenda alugada. Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.

Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días no ano de devengo do complemento e que durante dito período tivera percibido a correspondente PNC.

No caso de unidades familiares nas que convivan varios perceptores só poderá percibir o complemento o/a titular do contrato de aluguer, ou de ser varios, o primeiro deles.

## Fondo de Asistencia Social (FAS) – por ancianidade

Esta axuda quedou suprimida polo Real Decreto-Lei 5/1992, de 21 de xullo, de Medidas Orzamentarias Urxentes (BOE nº 176 de 23/07/1992). Non obstante, aquelas persoas que tivesen recoñecido o dereito ó cobro destas pensións continuarán a percibilas. .

As persoas que continúen percibindo esta prestación deben realizar unha Declaración Anual

Axudas individuais non periódicas para persoas con discapacidade e persoas da terceira idade

Axudas individuais, de carácter non periódico, para persoas maiores e con discapacidade, en réxime de concorrencia competitiva, residentes en Galicia, co fin de colaborar en determinados gastos que ocasione a cobertura de necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.

As axudas recollidas nesta orde son incompatibles con outras de análoga natureza que poidan conceder para a mesma finalidade outros organismos ou Administración pública.

### ■ Persoas beneficiarias:

c. Persoas maiores de 65 anos que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.

d. Persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, menores de 65 anos que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% ou teñan recoñecida unha situación de dependencia e que acrediten a necesidade dunha axuda que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou sanitaria.

### ■ Axudas:

Poderán concederse axudas individuais polas contías máximas que a continuación se detallan:  
Atención especializada:

4. Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda:

\* Adaptación funcional do fogar: Consiste na adquisición, instalación e/ou adaptación daqueles mecanismos e útiles necesarios para procurar a maior autonomía posible nas actividades da vida diaria na vivenda habitual da persoa con discapacidade ou en situación de dependencia.

\* Eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda

5. Adaptación e eliminación de barreiras en vehículos

6. Adquisición de órteses, próteses e axudas técnicas:

\* Órteses e próteses non recollidas no sistema sanitario

\* Adquisición de próteses dentais

\* Audífonos, non recollidos no sistema sanitario

\* Axudas técnicas non cubertas polo sistema sanitario ou por outros organismos públicos ou privados sen ánimo de lucro

### **Programa de cheque asistencial** (ingreso en residencia, centro de día e axuda no fogar)

Concesión de axudas económicas individuais para persoas maiores de 65 anos dependentes.

#### ■ Modalidades do programa:

1. Cheque residencia: comprende as axudas individuais destinadas a cubri-los custo de estancias permanentes en centros asistenciais incluídos no programa.
2. Cheque centro de atención diúrna: axudas destinadas a cubri-los custos ocasionados por cuidados de recuperación e mantemento de capacidade funcional en centros de atención diúrna incluídos no programa.
3. Cheque atención de axuda no fogar: axudas destinadas a cubri-los custos do servizo de axuda no fogar das entidades incluídas no programa.
4. Cheque estada temporal o programas de respiro: axudas destinadas a financia-los gastos derivados de estadas temporais, polo tempo máximo de 2 meses, en residencias incluídas no programa. Esta modalidade poderá conter programas de formación e apoio psicolóxico para os cuidadores/as habituais

### **Ingreso en residencia por convenio coa Xunta de Galicia**

#### REQUISITOS

1. Ter cumprido os 60 anos de idade.
2. Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, enfermidade crónica en estado terminal ou enfermidade clínica que requira atención imprescindible en centro hospitalario.
3. Non padecer trastornos mentais graves que poidan alterar a normal convivencia no centro, nin demencia senil avanzada que requira tratamento nun centro psiquiátrico.
4. Que a persoa beneficiaria, cónxuxe ou acompañante, no seu caso, poidan valerse por sí mesmos para desenvolver as actividades normais da vida diaria, cando soliciten prazas de válidos.
5. Que todas ou algunha das persoas mencionadas no apartado anterior teñan unha incapacidade permanente que lles impida valerse por sí mesmas, e necesiten de asistencia dun terceiro, cando soliciten prazas de asistidos.
6. Non ter sido sancionado con expulsión definitiva dun centro residencial.
7. Obter, conforme ao baremo vixente, a puntuación esixida, en cada momento, para o ingreso na residencia solicitada

### **Acollemento familiar da terceira idade**

Axudas económicas individuais para persoas maiores de 65 anos que desexen acollerse aos beneficios do programa de acollemento familiar. A finalidade deste programa é procura-lo



mantemento do maior no seu medio social habitual facilitando así a súa integración e evitando o internamento en institucións cando este non sexa axeitado ou desexado.

Requisitos da persoa acollida:

Ser español ou cidadán dalgún dos estados membros da Unión Europea, e estar empadroadado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ter 65 anos cumpridos.

Non ter relación de parentesco en liña recta en ningún grao ou en liña colateral por consanguinidade ata o 3º grao por consanguinidade con ningún membro da unidade de acollida.

No caso de que o acollido sexa unha persoa dependente, poderá formalizarse o acollemento en liña recta por afinidade, salvo que na unidade de acollida existan outros familiares do acollido en liña recta consanguínea que sexan maiores de idade e estean obrigados legalmente a prestarlles alimentos. Organigrama de parentesco

Requisitos para as familias acolledoras:

Ser español ou cidadán dalgún dos estados membros da Unión Europea, e estar empadroadado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que polo menos un dos acolledores sexa maior de idade e non supere os 65 anos no momento de formula-la solicitude, goce de boa saúde e non padeza de limitacións físicas ou mentais que lle impidan atender as tarefas domésticas normais.

Ausencia de ánimo de lucro no que respecta ao programa de acollemento

Cada familia non poderá acoller a máis de dous beneficiarios.

Non poderá existir con anterioridade ao acollemento testamento ou transmisións de bens ou dereitos a título gratuito feitos ó seu favor por parte da persoa acollida.

Non ter a condición de titor legal da/s persoa/s acollida/s.

Requisitos da vivenda:

O acollemento poderá levarse a cabo tanto na vivenda do acolledor como na do acollido. En ámbolos dous casos acolledor e acollido deberán convivir na mesma vivenda, que deberá:

Ter fácil acceso.

Estar dotada de suficientes condicións hixiénicas e de salubridade, auga corrente, luz eléctrica e cuarto de baño.

Carecer de barreiras que impidan o acceso e normal desenvolvemento da vida diaria da persoa acollida de acordo coas súas características persoais

## **Termalismo social do IMSERSO**

Requisitos das/dos solicitantes:

1. Ser pensionista do sistema da Seguridade Social polos conceptos de xubilación ou invalidez e, en todo caso, polo concepto de viuvez ou doutras pensións cando o beneficiario cumprira os 60 anos de idade. Tamén poderán ser beneficiarios/as das prazas os españois residentes no exterior, sempre que perciban unha pensión pública, teñan máis de 60 anos e cumpran co resto dos requisitos.

2. Non padecer trastornos mentais graves que poidan alterar a normal convivencia nos establecementos, nin enfermidade infecto-contaxiosa.

3. Poder valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria.

4. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.

5. Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas. Ponderaranse as seguintes variables:

Grao de necesidade de recibir os tratamentos termais.

Situación económica dos solicitantes.

Idade dos solicitantes.

Que non deisfrutara da praza en anos anteriores.

Se o/a solicitante e membro dunha familia numerosa.

Outras circunstancias excepcionais non contempladas nas variables anteriores.

O/A solicitante poderá ir acompañado do seu cónxuxe ou da persoa con quen conviva en relación de parella, para a que non se esixe a obriga de percibir pensión da Seguridade Social.

Beneficios:

As quendas terán unha duración de 12 días cada un comprendendo os seguintes servizos:

Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en habitacións dobres de uso compartido.

Tratamentos termais que comprenderán: recoñecemento médico ao ingresar no balneario; o tratamento termal que, en cada caso, prescriba o médico do balneario; o seguimento médico do tratamento con informe final.

Póliza colectiva de seguro.

Transporte por conta do balneario, nos casos que se expresan no anexo I, (que no caso de Galicia corresponden ós balnearios de Baños de Brea, en Vila de Cruces - Pontevedra e Arnoia en Ourense), dende a localidade máis cercana ó balneario hasta a estación termal ó comezar a quenda e o regreso, ó remata-lo mesmo.

En todo caso, os beneficiarios das quendas realizarán os desprazamentos ós establecementos termais, así como o de regreso ós seus domicilios, directamente polos seus propios medios.

## Termalismo e turismo social da Xunta de Galicia

Consiste nuns días de vacacións e descanso en zonas turísticas, balnearios, etc. ubicados en Galicia, noutras comunidades do Estado ou noutro país dirixido a persoas maiores e os seus cónxuxes.

Ofértanse prazas gratuítas para as persoas que acrediten unha situación de precariedade económica que lles impida sufragar os gastos da praza. Así mesmo, tamén se ofertan prazas cunha subvención dun 50% para as parellas que cumpran as súas vodas de ouro no ano

### ■ Requisitos:

- a. Ser maior de 65 anos ou pensionista maior de 60. Os cónxuxes está exentos de cumprir esta condición.
- b. Residir en Galicia
- c. Valerse por sí mesmo, atoparse en condicións de asistir ó Programa e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa
- d. Non padecer trastornos mentais ou condutuais que poidan altera-la convivencia durante o transcurso da quenda.
- e. Para as quendas de carácter termal, precisa-los tratamentos balneoterápicos solicitados e carecer de contraindicación médica para a súa recepción.
- f. Efectua-la inscrición e pagamento do prezo estipulado (agás no caso das prazas gratuítas) no prazo que se estableza.

### ■ Prestacións:

Desprazamento en autocar de luxo ou avión, segundo proceda, dende os puntos de saída: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Estadía en habitacións dobres en réxime de pensión completa, con baño ou ducha, auga quente e calefacción.

Réxime alimenticio especial para as persoas que por prescrición médica o requiran

Asistencia sanitaria

Tratamentos termais (cando procedan)

Actividades socio-culturais con plan de excursións gratuítas cando proceda. Cea extraordinaria de despedida.

Póliza de seguros (segundo prescricións técnicas do concurso de adxudicación do Programa).

## Vacacións para maiores, do IMSERSO

Persoas residentes en España que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

Ter como mínimo 65 anos cumpridos.

Ser pensionista de xubilación do Sistema Público de Pensións.

Ser pensionista de viudedade do Sistema Público de Pensións, con 55 anos cumpridos. Outros pensionistas do Sistema Público de Pensións e prexubilados con 60 anos cumpridos.

Se a/o solicitante viaxa co cónxuxe, non é preciso que este reúna os requisitos de idade e pensión. Admitirase como acompañante a un fillo ou filla con discapacidade, que teña un grao de minusvalía igual ou superior ó 45%, sempre que a viaxe a realice cos seus pais e ocupe cama supletoria na mesma habitación do hotel. Deberá cumprimentarse o apartado 17 da solicitude cos datos do fillo/a e achegar fotocopia do certificado de minusvalía.

■ **Modalidades:**

Ofértanse distintas modalidades para que os maiores poidan desfrutar dunha vacacións no período comprendido entre os meses de outubro de 2007 e xuño de 2008, segundo a modalidade:

Estadías en zonas costeiras.

Viaxes culturais para coñecer a Historia de arte de España. Turismo de natureza con rutas por paraxes pintorescos. Intercambio con outros países.

■ **Servizos incluídos:**

Viaxe ida e volta desde a súa capital de provincia ata o hotel de destino e regreso, agás para a modalidade de viaxes sen transporte.

Estadía en establecementos hoteleiros en réxime de pensión completa en habitación dobre ou individual.

Menú de réxime, para aqueles usuarios que o necesiten.

Servizo médico, complementario da Seguridade Social, no propio hotel. Programa de animación

Póliza colectiva de seguros

Nos viaxes Culturais e Turismo de Natureza, dadas as súas especiais características non se inclúen os servizos médicos e programa de animación

**Programa RESPIRO FAMILIAR** (estadías temporais en residencias públicas)

**ESTADÍAS QUINCENAS**

■ **Obxecto:**

Consiste nunha estancia de 15 ou 29 días (14/28 noites) nunha residencia asistida para persoas maiores de 65 anos dependentes que non se atopen en fase terminal ou padezan enfermidades en estado agudo así como ós seus cuidadores habituais en concepto de acompañantes. Tamén, no caso de existencia de vacantes, poderán participar aquelas persoas que, sen ter os 65 anos, estean diagnosticadas de demencias neurodexenerativas ou vasculares.

Facilita a asistencia a actividades ou cursos de formación aos familiares e/ou cuidadores acerca de: atencións básicas, saúde, nutrición, adecuación do fogar, aspectos legais da incapacidade, prestacións e recursos sociais, cuidados de enfermería e guía de auto-cuidados.

Unha vez rematada a estancia na Residencia os familiares e os propios enfermos, poderán contar cun asesoramento continuado a través dun servizo de asesoramento telefónico profesional diario en relación co asesoramento ao arredor dos problemas do maior dependente que posteriormente poidan xurdir no seu fogar unha vez pasada a estadía temporal.

■ **Requisitos:**

Ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma.

Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa ou trastornos mentais ou conductuais graves e non compensados que poidan alterar a normal convivencia.

■ **Servizos que ofrece o Programa:**

Valoración xerontolóxica completa e atención integral incluíndo asistencia médica, psicolóxica e social.

Aloxamento e manutención completa en cuartos dobres adecuados ás discapacidades dos beneficiarios.

Menú axeitado, baixo supervisión médica. Terapia ocupacional e animación sociocultural. Formación aos cuidadores.

Seguimento e apoio unha vez rematada a estadía mediante un servizo telefónico atendido por profesionais de luns a sábado, durante 2 horas diarias e un teléfono de recepción de

mensaxes e canalización de 24 horas

**ESTADIAS DE FIN DE SEMANA**

Convócanse prazas de atención en residencias e centros de día, durante as fins de semana, así como excepcionalmente en días laborais e festivos, de persoas maiores dependentes que sexan atendidas habitualmente no marco familiar, así como aquelas que sen ter os 65 anos estean afectados de demencias neuro-dexenerativas ou vasculares .

Esta modalidade funcionará cun horario permanente desde as 9 da mañá do sábado ata as 20:00 horas do serán do domingo. O réxime de permanencia, aínda que poderá flexibilizarse, será con carácter xeral:

Estadías (sábado e/ou domingo), cun horario continuado desde as 9:00 h. da mañá ata as 20:00 h. do serán. O réxime de permanencia poderá ser de xornada completa con ou sen pernocta, só de mañá ou só de tarde.

Estadías de fin de semana completo, considerando a entrada desde o sábado pola mañá e a saída o domingo polo serán.

A condición de usuario/a de estadías de fins de semana adquirese por acordo da correspondente Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar, logo de solicitude do/da interesado/a. As persoas que teñan recoñecidas a súa condición de usuarios/as presentarán ante o centro solicitado e cunha semana mínima de antelación, a petición de datas concretas.

Soamente poderá concederse por usuario un máximo de 4 xornadas ou dous fins de semana completos por mes, agás en situacións puntuais e xustificadas.

■ **Requisitos:**

Ter residencia efectiva en Galicia.

Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, trastornos mentais ou condutas graves e non compensadas que poidan alterar a normal convivencia.

Efectuar previamente a inscrición como usuario desta modalidade.

■ **Prezo e servizos incluídos:**

As persoas beneficiarias contribuirán ao financiamento dos custos derivados das súa estadía en función do réxime de estadía.

As estadías inclúen un servizo de atención integral que comprende: coidado persoal, control e protección, terapia ocupacional, menú baixo supervisión médica, animación sociocultural e aloxamento, se é o caso, en cuartos dobres. Os servizos de comedor estarán en función do réxime de estadía seleccionado.

### **Programa XUNTOS POLO NADAL**

Participación das persoas maiores que estean soas durante o Nadal nun programa de convivencia que se vai desenvolver nas residencias de Tempo Libre de Carballiño e Panxón dependentes de Vicepresidencia.

A asignación da residencia farase en función da procedencia das persoas beneficiarias:

Beneficiarios/as dos concellos de Coruña e Pontevedra: corresponderalles ir á residencia de Tempo Libre do Carballiño.

Beneficiarios/as dos concellos de Lugo e Ourense: irán á residencia de Tempo Libre de Panxón.

O programa contempla o aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa e durante 10 días (9 pernoctacións), totalmente gratuíto, que se computarán desde o momento da saída do lugar de orixe ata o momento da saída dos centros nos que se leva a cabo.

A saída dende os puntos de orixe realizarase o día 23 de decembro pola tarde e o regreso o día 1 xaneiro despois do xantar, dende os Fogares do Maior da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

### **Programa COÑECE O TEU PAÍS**

Consiste na organización de distintas excursións a realizar ao longo de Galicia, que posibiliten o coñecemento da realidade e do patrimonio histórico-cultural da nosa Comunidade.

Convócanse prazas para participar no programa, a desenvolver entre a segunda quincena de maio e o mes de outubro.

■ Modalidades:

1. GALICIA URBANA: Inclúense os seguintes destinos: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol.
2. AS NOSAS VILAS E COMARCAS: Inclúense os seguintes destinos: Costa da Morte, A Guarda, O Rosal, Val Miñor, Bergantiños, A Mariña Lucense, Ribeira Sacra, Allariz, Maceda, Xunqueira de Ambía, Barbanza, O Salnés, Ribadavia, Mondariz, Tui-Valença, Valdeorras e zona do Bierzo.

■ Requisitos:

Ser maior de 65 anos ou maior de 60 reunindo a condición de pensionista. Así mesmo, poderán ser beneficiarios os seus cónxuxes ou os que acrediten relación análoga á conxugal. Residir en Galicia.

Gozar de autonomía persoal.

Efectuar a inscrición e o pagamento do prezo estipulado no prazo establecido por cada centro.

■ Prestacións:

Excursións cunha duración dunha xornada cada unha. Transporte e xantar.

Unha póliza colectiva de seguros

Se é o caso, as entradas e máis os guías autorizados para acceder aos lugares programados.

■ Contía:

O custo por persoa e día é de 10 €. Os gastos de desprazamento desde o domicilio das persoas beneficiarias ata o lugar de saída que se sinale será por conta dos interesados.

### **Teleasistencia domiciliaria**

A Teleasistencia Domiciliaria é un servizo de atención telefónica ininterrompida cun equipamento de comunicacións e informática específicos. O sistema consta dunha unidade de alarma que leva a persoa, un terminal telefónico e unha central informatizada, receptora de chamadas situada no Centro de Atención. Permite ás/aos usuarias/os ante calquera situación de emerxencia e con tan só premer un botón, comunicarse coa central, atendida por persoal especializado, para dar resposta á crise presentada.

É un recurso dirixido a persoas con discapacidade e a persoas maiores que ten como obxectivo mellorar a calidade de vida das/dos usuarias/os permitíndolles permanecer nos seus domicilios.

Ademais dos servizos que presta permite transmitir aos responsables dos Servizos Sociais de Atención Primaria da localidade na que reside a/o usuaria/o, as incidencias e necesidades detectadas a través do sistema, e que poden requirir unha intervención por parte da/do profesional.

■ O servizo consta dos seguintes elementos:

Unidade domiciliaria do/a usuario/a: funciona a través da liña telefónica, composta por unha unidade de alarma portátil (pulseira ou medallón) e unha terminal telefónica que envía a alarma ao Centro de Atención. A unidade portátil que a persoa leva sempre posta pode ser accionada por esta, cando o necesita, con só premela.

Centro de Atención: Recolle as chamadas ou alarmas que efectúan os usuarios, dispoñendo dunha completa información sobre a persoa solicitante para ofrecerlle, inmediatamente, o auxilio que precise: médico, traslado ao hospital, atención de familiares, etc.

■ Financiamento:

O Programa de Teleasistencia, contratado a unha empresa privada, financíase mediante convenios de colaboración do IMSERSO e a FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias) coas diferentes Deputacións Provinciais e a achega da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ademais da propia achega do concello.

■ Compromisos do Concello:

- a. Dirixir escrito á Deputación Provincial, no que manifieste a vontade de acollerse ao Programa.
- b. Prestar apoio ao persoal responsable designado pola Deputación e a empresa adjudicataria.
- c. Designar representante técnico dos Servizos Sociais Municipais.
- d. Asistencia ás Comisións de Seguimento do Programa que se convoquen dende a Deputación.
- e. Aplicación ou elaboración, se é o caso, da Ordenanza reguladora do servizo.
- f. Participación, se é o caso, no financiamento do programa.
- g. Reintegro, cando proceda, das achegas dos usuarios e o pagamento da porcentaxe de financiamento comprometida polo concello.

A Deputación Provincial correspondente, despois de recibido o escrito municipal de adhesión, aprobará, mediante resolución da Presidencia, a inclusión do Concello no Programa Provincial de Teleasistencia Domiciliaria.

**Abono social telefónico** (tarifa reducida)

Descostos do 70% na instalación da liña telefónica (alta inicial) e do 95% no abono mensual (mantemento) aos/ás minusválidos/as cun grao de minusvalidez igual ou superior ó 65% sempre que cumpran os requisitos económicos esixidos.

Requisitos:

Que o/a solicitante sexa o/a titular do teléfono

Ingresos anuais da unidade familiar non superiores ao IPREM (na contía en referencia co SMI, sen excluír as pagas extraordinarias))

Que se trate do domicilio habitual d@ solicitante

Valoración do grao e nivel de dependencia



Regular o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito aos servizos e prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, así como determinar a composición e funcións dos órganos competentes para a súa valoración no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

■ Titulares do dereito

1. Terán dereito ao recoñecemento da situación de dependencia en Galicia as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a. Estar en situación de dependencia en algún dos graos establecidos.

b. Para os menores de 3 anos, estar en situación de dependencia conforme o disposto na disposición adicional décimo terceira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

c. Ter acreditada residencia en territorio español durante 5 anos , dous dos cales deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Para as persoas menores de 5 anos os períodos de residencia esixírase a quen exerza a súa garda e custodia.

d. Residir en calquera municipio da C.A de Galicia no momento de presentación da solicitude.

2. As persoas que, reunindo os requisitos anteriores, carezan da nacionalidade española rexeranse polo establecido na Lei Orgánica 4/2000 , nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe. Para os menores que carezan da nacionalidade española estarase ao disposto nas leis do menor vixentes, tanto no ámbito estatal como no autonómico, así como nos tratados internacionais.

3. As persoas coa condición de emigrantes retornados poderán acceder aos servizos e prestacións económicas do SAAD en Galicia nos termos regulados na Lei 39/2006, do 14 de decembro, mentres non cumpran o requisito do período de residencia no territorio estatal.

## FAMILIA E INFANCIA

### Axudas periódicas de prevención e apoio ás familias para a integración do menor

Axudas individuais, de carácter periódico, de prevención e apoio á familia e atención ao menor coa finalidade de proporcionar apoio económico e profesional ás familias para lles garantir a atención adecuada aos seus fillos e fillas e favorecer a permanencia destes no seu medio, evitando os riscos de desestruturación familiar, así como facilitarlle ás unidades familiares a adquisición de habilidades de atención, coidado e educación dos menores e capacidade de auto organización do núcleo familiar

Requisitos:

Residir e estar empadroado en Galicia polo menos con 6 meses de antelación á data de publicación da convocatoria.

Que os menores teñan entre 3 e 18 anos cumpridos durante o ano 2007

Que a unidade familiar non teña recibido a axuda á integración no últimos tres anos de xeito consecutivo.

Que a renda per cápita anual da unidade familiar no ano en que se perciba a axuda non exceda a metade do SMI en cómputo anual

Que a familia poda evolucionar cara a súa plena autonomía e integración social, sendo estas axudas un apoio temporal.

Que a situación do núcleo familiar non permita a cobertura de todas as necesidades básicas do menor no relativo á alimentación, hixiene, vestiario, atención médica, escolarización regularizada e coidados de carácter integral.

Que a unidade familiar teña aberto, polo menos con 6 meses de anticipación á data de publicación desta orde, un expediente polos servizos sociais de atención primaria ou especializados, por posible situación de risco ou con declaración de existencia da mesma do menor ou menores.

Que a unidade familiar cumpra o plan de traballo que estableza o servizo de atención primaria ou especializado

No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2006, que a unidade familiar cumprise co plan de traballo que establecese o servizo de atención primaria ou especializado e mellorase a situación de risco.

### **Título de familia numerosa**

Considérase Familia Numerosa a integrada por:

- a. Un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos/as, sexan ou non comúns.
- b. Un ou dous ascendentes con dous fillos/as, sexan ou non comúns, sempre que ao menos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado/a para traballar.
- c. Dous ascendentes, cando ámbolos dous foran discapacitados ou, ao menos, un deles tivera unha discapacidade en grao igual ou superior ó 65%, ou estiveran incapacitados para traballar, con dous fillos/as sexan ou non comúns
- d. O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos/as, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se encontren baixo a súa dependencia económica aínda que non vivan no domicilio conxugal.
- e. Dous ou máis irmáns orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan co titor, acolledor ou gardador, pero que non estean ás súas expensas.
- f. Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai, maiores de 18 anos, ou dous, se un deles é discapacitado, que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.
- g. O pai ou a nai con dous fillos, cando teña falecido o outro proxenitor.

Considéranse ascendente ao pai, nai ou a ámbolos dous conxuntamente cando exista vínculo conxugal e, no seu caso, ao cónxuxe dun deles. A falta destes, equiparanse os que tiveran ó

seu cargo a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo dos fillos, sempre que estes convivan con ela ou elas ou ás súas expensas.

Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

Enténdese por discapitado/a aquela persoa que teña recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33% e por incapaz para traballar aquela persoa que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ó da incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.

Categorías:

- a. Especial: as de cinco ou máis fillos/as, e as de catro fillos/as dos cales alomenos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.
- b. Xeral: as restantes unidades familiares.

As unidades familiares con catro fillos clasificaranse na categoría especial cando os seus ingresos anuais divididos polo número de membros que as compoñen, non superen, en cómputo anual o 75% do S.M.I., incluídas as pagas extraordinarias.

Cada fillo/a discapitado/a ou incapaz para o traballo computarase como se foran 2 fillos/as.

Requisitos:

Para a existencia legal da familia numerosa será necesario que os fillos reúnan as seguintes condicións:

- a. Ser solteiros e menores de 21 anos de idade, ou ser discapitados ou estar incapacitados para traballar, calquera que fose a súa idade. Este límite de idade ampliarase ata os 25 anos de idade cando cursen estudos que se consideren adecuados á súa idade ou titulación ou en camiñados a un posto de traballo.
- b. Convivir co ascendente ou ascendentes, sen prexuízo do establecido para o suposto de separación dos ascendentes. Enténdese que a separación transitoria por razón de estudos, traballo, tratamento

médico, rehabilitación ou outras causas semellantes, incluídos os supostos de forza maior, non rompe a convivencia entre pais e fillos, tanto se é consecuencia de un traslado con carácter temporal en territorio español coma no estranxeiro. Para os nacionais de Estados que non formen parte da UE ou do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo non se rompe a a convivencia nos mesmos supostos só cando sexan consecuencia dun traslado temporal en territorio español.

- c. Dependere economicamente do/s ascendente/s. Considérase así cando:

- \* O fillo obteña uns ingresos nos superiores, en cómputo anual, ao IPREM.
- \* O fillo estea incapacitado para o traballo e a contía da súa pensión, se a percibise, non exceda, en cómputo anual, o IPREM
- \* O fillo contribúa ao sostemento da familia e exista un único ascendente, si este non está en activo, nos seguintes supostos:

- a. Se o ascendente percibise ingresos que por todos os conceptos non resulten en total superiores ao dobre do IPREM vixente.
- b. Se algún irmán é discapacitado ou está incapacitado para traballar.
- c. Si os ingresos que aporta o fillo non exceden do 50% da totalidade dos percibidos polo resto da unidade familiar.

\* O fillo contribúa ós sostemento da familia e o pai e/ou a nai estean incapacitados para o traballo, xubilados ou sexan maiores de 65 anos de idade, sempre que os ingresos destes non sexan superiores, en cómputo anual, ao IPREM.

Todos os membros da unidade familiar deberán ser españois ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dalgún dos restantes Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo e te-la súa residencia en territorio español, ou exercer, polo menos un dos ascendentes, unha actividade por conta propia ou por conta allea en España, aínda que resida nalgún dos países aludidos anteriormente.

No caso dos naturais doutros países, terán dereito ó recoñecemento da condición de familia numerosa en igualdade de condicións que os españois, sempre que sexan residentes en España tódolos membros que dean dereito nos termos establecidos na Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei Orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

Ningún poderá ser computado en dúas unidades familiares ao mesmo tempo

### **Prestación económica de pagamento por fillo/a a cargo**

Persoas beneficiarias:

Persoas que teñan ao seu cargo fillos menores de 3 anos na data de 1 de xaneiro de 2007 (nados entre o 2-1-2004 e o 1-1-2007, inclusivos) e que, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2005 nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen obrigadas a presenta-la declaración do IRPF.

No caso de fillos/as adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2004 e o 31 de decembro de 2005, a prestación poderase conceder durante os tres anos posteriores á data da inscrición no Rexistro Civil ou, cando esta non sexa necesaria, a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio, o pai/nai que teña a custodia dos fillos.

Os estranxeiros que residan en Galicia, sempre que cumplan as condicións da Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (BOE número 10, do 12/01/2000) e os requisitos establecidos na presente norma e tiveran a condición de contribuíntes para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas.

Quedan excluídas:

As unidades familiares nas cales os seus ingresos considerados de forma individual ou conxunta, segundo a opción de tributación elixida, superasen o baremo establecido anualmente.

Os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

■ **Requisitos:**

Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual na Comunidade Autónoma galega. Que na data da solicitude os nenos convivan coa persoa solicitante.

### **Axuda de leite gratuíta por parto múltiple**

Consiste na achega gratuíta de certa cantidade de leite. Existen dúas achegas diferentes:

De leite de inicio: consistente na entrega dun vale canxeable en calquera farmacia de Galicia por 6 botes de leite Almirón 1 e 6 cereais sen glute marca Nutricia por cada fillo a partir do segundo.

De leite enteiro: consiste na entrega de vales canxeables en calquera dos supermercados Gadis ou Haley da nosa comunidade por valor de 216 litros de leite que achega a empresa Río Calcio. Esta cantidade increméntase en 108 litros por cada fillo a partir do terceiro (324 l en caso de trillizos, 432 l no suposto de cadrillizos, etc.)

Persoas beneficiarias:

Familias nas que se produza un parto múltiple (xemelgos, trillizos, cadrillizos, etc), nos primeiros meses de vida dos seus fillos terán dereito á achega do leite de inicio e cando estes cumpran un ano de idade á do leite enteiro.

As familias que se convertan en numerosas co nacemento dun/dunha fillo/a, ou aquelas nas que, xa sendo numerosas, se produza un novo nacemento, a partir de que o/a neno/a cumpra un ano de vida terán dereito á achega do leite enteiro.

### **Cheque infantil**

Axudas para a atención á infancia, en centros non sostidos con fondos públicos

Axudas económicas para a atención de nenos/as de 0 a 3 anos en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos. Poderá eximirse do límite de idade os nenos con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, logo do equipo de orientación específico, dependente da Inspección de Educación.

Persoas beneficiarias:

Persoas con nenos/as a cargo de 0 a 3 anos solicitantes de praza, nas modalidades de asistencia e asistencia con comedor, en escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos e que non resultaran adxudicatarios/as dunha delas por falta de prazas dispoñibles. Neste caso consideraranse de solicitantes de oficio sempre que exerceran a opción polo programa cheque infantil na solicitude de praza, polo que non terán que presentar solicitude.

Persoas con nenos/as de 0 a 3 anos a cargo residentes en concellos onde non existan escolas infantís 0-3 sostidos con fondos públicos e desexen obter praza nas modalidades de asistencia e asistencia con comedor, nalgún centro participe do programa, existente no concello de residencia, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen os pais, nais ou titores legais.

Solicitantes de praza en horario de tarde.

Ademais deberán cumprir os seguintes requisitos:

Ter unha/un nena/o a cargo nacida/o con posterioridade a 31 de decembro de 2004.No caso de nenos/as de integración poderá eximirse do cumprimento deste requisito.

Ter cumpridos a/o nena/o 3 meses na data de ingreso.

Non obter praza nunha escola infantil 0-3 sostida con fondos públicos.

Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 1.000 euros.

Que existan prazas nos centros partícipes do programa para o grupo de idade solicitado no concello de residencia do beneficiario, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen os pais ou titores legais.

Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas.

## Adopción

A adopción é un proceso legal dirixido a proporcionar un fogar permanente a menores que se atopan en situación de abandono e que lles permite integrarse plenamente nunha familia na cal non naceron.

A adopción, constituída sempre xudicialmente, crea entre os adoptantes e os/as menores os mesmos dereitos e obrigas que a paternidade biolóxica e produce a extinción dos vínculos xurídicos entre o/a menor adoptado e a súa familia anterior.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Acción Social, a través da Comisión de Adopcións e das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a xestión dos procedementos de adopción no ámbito territorial de Galicia.

Requisitos das persoas adoptantes:

Con independencia do seu estado civil calquera persoa ou familia pode solicitar unha adopción cumprindo os seguintes requisitos:

Ter plena capacidade xurídica e de obrar.

Ter como mínimo 25 anos cumpridos; no caso de solicitude conxunta por cónxuxes, bastará con que un deles teña dita idade. En todo caso a persoa adoptante deberá ter, polo menos, 14 anos máis que o/a adoptado/a.

Residir na Comunidade Autónoma Galega ou ser emigrante galego con previsión de retorno; neste caso, deberase xustificar a residencia efectiva en Galicia no prazo máximo dun ano desde a data de presentación da solicitude.

Estar inscrito/a no Rexistro de Adopcións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ser consideradas persoas idóneas para a adopción tralo correspondente procedemento de valoración.

Adopcións fóra de Galicia:

Cando se considere conveniente que un menor sexa adoptado fóra de Galicia, pediranse solicitantes valorados idóneos ós servicios competentes doutras comunidades autónomas. De haber posibles solicitantes que aínda non foses declarados idóneos pola súa Comunidade Autónoma, a valoración da idoneidade poderá realizala o equipo técnico da delegación provincial que teña a tutela do menor. Nestes casos non se esixirá o requisito de residencia.

Requisitos dos/as adoptados/as:

Únicamente poderán ser adoptados/as menores non emancipados. Por excepción, será posible a adopción de maiores de idade ou de menores emancipados cando, inmediatamente antes da emancipación, existira unha situación non interrompida de acollemento ou convivencia, iniciada antes de que o adoptando cumprira 14 anos.

Non pode adoptarse:

1. A descendentes
2. A parentes en segundo grao da liña colateral por consanguinidade ou afinidade.
3. A pupilo polo seu tutor/a ata que se aprobe definitivamente a conta xustificada da tutela.
4. Fóra da adopción por ambos cónxuxes, ninguén pode ser adoptado por máis dunha persoa. No caso de falecemento do/a adoptante, ou cando a este/a se lle prive da patria potestade, é posible unha nova adopción do/a adoptado/a.

A adopción constitúese por resolución xudicial, que terá en conta sempre o interese do/a menor e que sexa axeitado o/a adoptante ou adoptantes para o exercicio da patria potestade.

Consentimento:

Terán que consentir a adopción, en presenza do/a xuíz/a, adoptante ou adoptantes e adoptando maior de 12 anos.

Deberán asentir á adopción :

1. O cónxuxe do/a adoptante, salvo que medie separación legal por sentenza firme ou separación de feito por mutuo acordo.
2. Os pais do/a adoptando non emancipado, a non ser que estean privados da patria potestade por sentenza firme ou incurso en causa legal para tal privación. O asentimento da nai non poderá prestarse ata que transcorran 30 días dende o parto.

Deberán ser simplemente oídos pol@ xuíz/a:

1. Os pais que non foran privados da patria potestade, cando o seu asentimento non sexa preciso para a adopción.
2. O/A titor/a e, no seu caso, o gardador/a ou gardadores/as.
3. O adoptando menor de 12 anos, se tivera suficiente xuízo.

4. A entidade pública no cando o adoptando leve máis dun ano acollido legalmente por esta.

### **Acollemento familiar de menores**

O acollemento familiar é unha figura que pode ter carácter administrativo ou xudicial, pola que se lle dá en garda un/unha menor a unha familia ou núcleo familiar, que ten a obriga de coidalo/a, alimentalo/a e educalo/a por un tempo, co fin de integralo/a nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente á súa familia, con independencia de que os proxenitores estean ou non privados da patria potestade. O acollemento familiar constitúe un recurso privilexiado para proporcionarlle a/ao menor, en situación de conflito no seo familiar, un ambiente alternativo ou complementario máis apropiado para o seu desenvolvemento persoal.

Obxectivos:

Proporcionarlles ás/aos menores en situación de desprotección unha familia como contexto de desenvolvemento que supla temporalmente a súa, e que cubra as súas necesidades psicoafectivas e socioeconómicas, fomentando a solidariedade dos membros dunha mesma comunidade.

Evitar a institucionalización temporal do/a menor.

Facilitar os procesos de reinserción dos/das menores institucionalizados/as

Incrementar o número de familias dispostas a acoller menores en número suficiente como para cubrir as necesidades deste tipo de situacións.

Proporcionar acollementos a menores de características especiais: minusvalías, enfermidades crónicas, etc.

Establecer convenios de colaboración con entidades locais e de iniciativa social para que colaboren nas distintas fases do proceso de acollemento.

Este programa de actuación desenvólvese a través dos seguintes tres subprogramas:

1. **ACOLLEMENTO FAMILIAR REMUNERADO EN FAMILIA EXTENSA:** Ten como obxectivo prestar apoio económico á familia extensa con baixos recursos económicos acollidora como compensación dos gastos ocasionados polo mantemento do/a menor.
2. **ACOLLEMENTO FAMILIAR REMUNERADO PARA MENORES DE "ESPECIAIS NECESIDADES":** Remunera de xeito especial aqueles acollementos de menores con necesidades especiais (minusvalideces graves, anticorpos VIH, problemas de conduta, etc.)
3. **ACOLLEMENTO FAMILIAR EN FAMILIAS ALLEAS** (familias alleas)

Beneficiarios/as:

Menores en situación de crise familiar que teñan que ser separados/as temporalmente das súas familias, pero que necesiten manterse nun contexto familiar.



# INCLUSIÓN SOCIAL

## Prestación da RISGA – Renda de Integración Social de Galicia.

É unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción

Requisitos de acceso:

Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude. Entendese por residencia efectiva aquela que habite á persoa solicitante por tempo superior a seis meses nun período de doce.

Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano:

- \* Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación desa Comunidade se recolla a reciprocidade.
- \* As vítimas de violencia doméstica que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
- \* Os emigrantes galegos retornados cando fixen a súa residencia en Galicia. Tamén, aquelas persoas nadas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia en Galicia.

Os cidadáns e as cidadás doutros estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.

Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á persoa solicitante.

Ter unha idade comprendida entre os 25 e os 65 anos. Non obstante, tamén poderán ser beneficiarios/as:

- a. Menores de 25 anos, que reunindo o resto dos requisitos, teñan menores ao seu cargo.
- b. Persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusvalía, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
- c. Persoas maiores de 18 anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores ou en acollemento familiar.
- d. As persoas maiores de 18 anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.

Dispoñer de recursos económicos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que no seu caso lle corresponda.

Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestar alimentos. A xuízo do órgano de resolución, poderase eximir deste requisito aqueles solicitantes dos que se

prevexa que a obriga de alimento non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista constancia no expediente

### **Axudas para situacións de Emerxencia Social**

Axudas económicas de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente.

Para os efectos desta norma considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente non cubertas polos diferentes sistemas de protección

Requisitos de acceso:

Ser maior de idade.

Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia. (Ingresos non superiores ó 125% do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da RISGA que lle correspondería.)

En ningún caso se poderá conceder máis dunha axuda para situación de emerxencia social por unidade de convivencia ao ano.

### **Axudas a persoas físicas e xurídicas por razón de interese social ou humanitario**

#### Persoas físicas:

Destinadas á cobertura de necesidades de carácter básico e urxente, tales como:

- \* As derivadas de perda, inadecuación ou dotación básica da vivenda individual ou familiar.
- \* As derivadas de problemas de alimentación, vestido, atención sanitaria, educación e outras de natureza análoga non cubertas regularmente polos diferentes sistemas de protección.
- \* As encamiñadas a promover a inserción ou recuperación de persoas en situación de marxinación social, que non teñan cuberta esta atención por outros medios.

#### Persoas xurídicas:

Teñen por fin atender as necesidades presentadas polas entidades que teñan como obxectivo o desenvolvemento de accións ou programas de interese social e non dispoñan de axudas a través doutros organismos ou institucións.

Requisitos:

Emerxencia dos feitos, demostrado polos peticionarios.

Necesidade urxente de recursos económicos para paliar ou solucionar, segundo os casos, as causas sobrevidas.

Carencia de medios económicos propios ou dos obtidos por outros medios para facer fronte a situación.

Incidencia, se é o caso, no contorno social ou comunitario

### **Banco de alimentos**

O Banco de Alimentos é unha organización, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é obter das empresas e dos particulares as súas doazóns, excedentes e produtos non comercializables, que sexan aptos para o consumo humano, e entregalos ás asociacións asistenciais de carácter social, facendo todo o proceso de forma voluntaria e gratuíta.

O papel do Banco de Alimentos é descargar ás institucións asistenciais da preocupación de conseguir os alimentos necesarios para dar de comer ás persoas ás que atenden, actuando con criterios de profesionalidade e voluntariedade.

O Banco de Alimentos da Coruña é un dos 41 que están distribuídos por toda a xeografía peninsular e que pertencen á Federación Española de Bancos de Alimentos.

Os alimentos recollidos son almacenados logo de comprobar que cumpran as condicións para o consumo humano. Son distribuídos entre as Institucións Asistenciais coas que previamente se subscribiu un Convenio de Compromisos Mutuos. A través deste convenio, as asociacións ou entidades comprométense a utilizar os alimentos que son proporcionados polo Banco de Alimentos para dar de comer ás persoas que teñen acollidas, ou que precisan desta axuda.

## **MIGRACIONES**

Axudas asistenciais extraordinarias para emigrantes retornados (Ministerio de Asuntos Sociais)

Atender, mediante a concesión dunha achega económica directa, as situacións de necesidade ocasionadas polos gastos extraordinarios derivados do feito do retorno dos españois de orixe residentes no exterior, cando se acredite insuficiencia de recursos no momento da solicitude da axuda.

Non se considerarán gastos extraordinarios derivados do feito do retorno a España os correspondentes aos pasaxes de volta nin ao traslado de mobles e enxoval, agás que concorran circunstancias de absoluta excepcionalidade.

#### ■ Beneficiarios:

Españois de orixe retornados, dentro dos nove meses seguintes ao seu retorno, en quen concorra a situación de necesidade obxecto da axuda, sempre que quede acreditado que teñen residido no exterior, de forma continuada, un mínimo de 5 anos antes do retorno.

No caso de falecemento do/da beneficiario/a poderán solicitar as axudas, dentro dos seis meses seguintes ao falecemento o cónxuxe ou persoa ligada de forma estable por relación de afectividade análoga á conxugal

e os parentes, por consanguinidade ou afinidade ou adopción en primeiro grao, que convivan e dependa economicamente daquel.

So poderá solicitar esta axuda un dos membros da unidade familiar, entendendo como tal a que abarca ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

#### ■ Axudas:

As axudas serán de contía variable en función das causas que xeran a solicitude e da situación económica e familiar dos interesados/as. En todo caso, a contía máxima anual por cada beneficiario será a do importe anual do IPREM, correspondente a 12 pagas.

Para a valoración da necesidade terase en conta a percepción de ingresos mensuais iguais ou inferiores ao IPREM, o número e persoas a cargo do/da solicitante, as dificultades de inserción no mercado laboral e os gastos por vivenda habitual.

Pensión asistencial por anciandade a favor de emigrantes españois retornados (Ministerio de Asuntos Sociais)

Persoas beneficiarias

Os emigrantes españois que retornen a España, sempre que acrediten os requisitos para ter dereito a unha PNC de xubilación do sistema español de Seguridade Social, agás o requisito dos períodos de residencia en territorio español esixidos, ata que acaden o dereito a unha pensión do Sistema de Seguridade Social ou a outra pensión pública, prestación ou subsidio de calquera Administración pública española. Para este tipo de axudas conservan a condición de emigrante retornado durante dous anos desde a data do retorno.

Poderán ser tamén beneficiarios, aínda que non naceran en España, se viviron aquí durante polo menos 8 anos.

#### **Axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados** (Xunta de Galicia)

Concesión de prestacións económicas extraordinarias e non periódicas dirixidas aos emigrantes galegos retornados e aos seus familiares, para atender situacións de necesidade ou precariedade económica derivadas do feito do seu retorno a Galicia.

#### ■ Beneficiarios:

1. Os cidadáns españois que tiveron o seu lugar de residencia no estranxeiro e volveron a Galicia sempre que, antes de emigrar tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia e así estivese acreditado no correspondente consulado de España, así como os emigrantes naturais de Galicia que tiveron o seu lugar de residencia no estranxeiro e que volveron á comunidade autónoma.

2. Os familiares das persoas indicadas no punto anterior unidos a estes por matrimonio, parentesco por consanguinidade ou afinidade en primeiro grao, ou por adopción e parentes consanguíneos de segundo grao, así como os viúvos/as ou orfos/as dos ditos emigrantes.

De existiren varios solicitantes integrados dentro dos graos de parentesco sinalados neste punto que convivan no mesmo domicilio, só un deles poderá ser beneficiario destas axudas.

#### ■ Requisitos:

a. Acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia en Galicia.

b. Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de 3 anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data da súa chegada a España.

c. Ter traballado no exterior durante un período mínimo de 1 ano. Quedarán exentos deste requisito:

\* os emigrantes naturais de Galicia de 65 ou máis anos ou que cumpran os 65 anos ao longo o ano 2007.

\* os solicitantes que teñan recoñecida unha discapacidade por un organismo público español nun grao igual ou superior ao 65%.

d. Que non transcorrese máis de 1 ano desde a data do seu retorno a España e a data da publicación desta resolución (17/04/2007).

e. Estar empadroadado e ter residencia nun concello da C.A. de Galicia.

f. Carecer de rendas ou ingresos suficientes, computándose como tales todo tipo de rendas, mesmo as axudas, públicas ou privadas, de natureza semellante. Entenderase como rendas ou ingresos suficientes os que non superen o IPREM.

Quedan excluídos das axudas desta convocatoria os beneficiarios da convocatoria destas axudas o ano anterior.

## MULLERES

### Axuda económica para mulleres vítimas de violencia de xénero

As mulleres vítimas de violencia de xénero que, residindo en Galicia, estean amparadas por unha orde de protección ditada por órgano xudicial competente, ao abeiro do disposto na Ley 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orden de protección das vítimas de violencia doméstica, ou acrediten esta situación mediante o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto se dita a orde de protección.

#### ■ Requisitos:

a. Ser muller, maior de idade ou emancipada.

b. Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75% do SMI vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Unicamente se terán en conta as rendas ou ingresos de que dispoña ou poida dispoñer a solicitante da axuda, sen que se computen a estes efectos as de outros membros da unidade familiar que convivan coa vítima. Se a solicitante tivera responsabilidades familiares, entenderase que cumpre o requisito de carencia de rendas cando a renda mensual do conxunto da unidade familiar, dividida polo nº de membros que a compoñen, non supere o 75% do SMI. Non se considerarán rendas ou ingresos as asignacións económicas da Seguridade Social por fillo ou menor acollido a cargo. As rendas que non procedan do traballo e se perciban con periodicidade superior ao mes computaranse a estes efectos prorrateándose mensualmente.

c. Ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do Informe do Servizo Galego de Colocación. Neste informe farase constar que a muller solicitante, debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias

sociais, non vai a mellorar de forma substancial a súa empregabilidade pola súa participación nos programas de emprego específicos establecidos para a súa inserción profesional.

d. Ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial.

e. Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

■ **Contía da axuda:**

1. O importe da axuda será, con carácter xeral, equivalente a seis meses de subsidio por desemprego.

2. Cando a vítima de violencia de xénero tivera responsabilidades familiares, o importe da axuda será equivalente a:

a. 12 meses de subsidio por desemprego cando teña a cargo un familiar ou un menor acollido.

b. 18 meses de subsidio por desemprego cando a vítima tivera ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un menor acollido.

3. Cando a vítima de violencia de xénero tivera recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, o importe da axuda será equivalente a:

a. 12 meses de subsidio de desemprego cando a vítima non teña responsabilidades familiares.

b. 18 meses cando teña a cargo un familiar ou menor acollido.

c. 24 meses cando teña a cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un menor acollido.

4. Cando a vítima de violencia de xénero teña a cargo un familiar ou menor acollido/a cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, o importe da axuda será equivalente a:

a. 18 meses de subsidio por desemprego cando a vítima tivera a cargo un familiar ou menor acollido.

b. 24 meses cando teña a cargo 2 ou máis familiares ou menores acollidos, ou un familiar e un/unha menor acollido/a.

5. Cando a vítima de violencia de xénero con responsabilidades familiares ou o familiar ou menor acollido/a con quen conviva tivera recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 65%, o importe da axuda será equivalente a 24 meses de subsidio por desemprego.

■ **Responsabilidades familiares:**

Existen responsabilidades familiares cando a beneficiaria teña ao seu cargo polo menos a un familiar, por consanguinidade ou afinidade ata o 2º grao inclusive, con quen conviva. (Organigrama de parentesco). Non se considerarán a cargo os familiares con rendas superiores ao SMI, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

As responsabilidades familiares deberán concorrer no momento da solicitude, excepto no suposto de fillas e fillos que sexan nados dentro dos trescentos días seguintes, que procederá revisar a contía da axuda percibida.

Entenderase que existe convivencia cando esta se encuentre interrompida por motivos derivados da situación de violencia de xénero.

Non será necesaria a convivencia cando exista obriga de alimentos en virtude de convenio ou resolución xudicial e presumirase que existe, salvo proba en contrario, cando os familiares teñan a condición de beneficiarios no documento de asistencia sanitaria da solicitante.

### **Prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero**

Proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, mediante prestacións económicas individuais e de carácter periódico, que lles garantan unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

Beneficiarias:

Mulleres que, acreditando unha situación de convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero, se atopen nunha situación que lles impida afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor e que dispoñan dalgún dos documentos acreditativos desta situación de violencia adoptado ou emitido no período dos doce meses anteriores á data da solicitude sempre que nese momento se producise o cesamento da convivencia.

Requisitos:

- a. Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- b. Residir en Galicia. As beneficiarias quedan obrigadas a manter a residencia na comunidade autónoma durante a percepción da prestación e a comunicar previamente calquera cambio de enderezo durante o mesmo período.
- c. Acreditar a situación de violencia derivada de convivencia.
- d. Non dispoñer de recursos económicos, ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.
- e. Non ter percibido esta axuda con anterioridade

Quendas vacacionais para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas

Facilitarlles ás mulleres que teñan fillas/os menores exclusivamente ao seu cargo un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no que poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun ambiente de lecer.

■ Requisitos:

Ter fillas e/ou fillos a cargo.

Estar domiciliada na comunidade autónoma de Galicia.

Dispoñer dunha renda que, tendo en conta todos os ingresos do conxunto da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñen, non supere o SMI.

Non padecer ela nin as fillas e/ou fillos que a acompañen, enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

■ **Prioridades:**

Mulleres que estean a residir nun centro de acollida.

Mulleres que acrediten ser ou ter sido vítima de violencia de xénero.

Mulleres que acrediten estar en situación de desemprego. Mulleres cun elevado número de fillas e fillos ao seu cargo. Mulleres con persoas dependentes exclusivamente ao seu cargo. Que non disfrutaran de programas iguais ou similares.

### **Estadías de tempo libre para mulleres que teñan fillos/as exclusivamente ao seu cargo**

**Requisitos:**

Mulleres con fillas e/ou fillos exclusivamente ao seu cargo. Estar domiciliada na comunidade autónoma .

Que a renda do conxunto da unidade familiar, dividida polo número de membros que a compoñan, non supere o SMI.

Non padecer enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

**Prioridades:**

Mulleres que teñan ó seu cargo exclusivo fillas e fillos menores. Ingresos mínimos ou nulos.

Mulleres que estean residindo ou residiran nunha casa de acollida ou centro similar. Mulleres que acrediten ser ou ter sido vítimas de violencia doméstica nos últimos tres anos. Mulleres que acrediten carencia de estabilidade social nos últimos tres anos.

Mulleres que sexan desempregadas de longa duración (máis dun ano)

Que non disfrutaran de este programa ou doutros similares.

### **Teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero**

**Obxectivos:**

Garantir unha atención inmediata e axeitada ante situacións de emerxencia, a través de persoal especializado, proporcionando seguridade á usuaria e mobilizando os recursos oportunos, en función do tipo de de emerxencia que se produza.

Proporcionar tranquilidade e seguridade ás usuarias do servizo e ós familiares que dependan directamente delas, ofrecéndolles apoio, información e asesoramento, e garantíndolles a comunicación interpersonal ante calquera necesidade as 24 horas do día.

Potenciar a autoestima e a calidade de vida das usuarias do servizo, contribuíndo a crear unha rede social de apoio.



Axudar a minguar a sobrecarga que soporta unha usuaria destas características, proporcionándolle tranquilidade sabendo que hai un equipo técnico e humano capaz de apoiar e resolver as incidencias que poidan sobrevivir.

Requisitos de acceso

Non convivir coa persoa o persoas que as someteron ao maltrato.

Que contén cunha orde de protección, sempre que o xuíz que a emitiu non considere contraproducente este servizo para a seguridade da usuaria

## DROGODEPENDENCIAS

Axudas individuais para tratamentos de drogodependencias en comunidades terapéuticas

Establecemento de axudas individuais para o tratamento de drogodependencias, incluídas as alcohólicas, en comunidades terapéuticas situadas tanto en Galicia como no resto do territorio nacional.

Requisitos :

Residencia acreditada dun ano en calquera dos concellos de Galicia.

Existencia dunha necesidade real e obxectiva do tratamento neste tipo de recurso.

Non percibir prestación económica de análoga natureza finalidade a cargo de institucións e organismos públicos e/ou privados.

Contía :

As axudas poderán cubrir a totalidade dos gastos derivados da estadía e do tratamento na comunidade terapéutica.